



falaRedes

programa de dinamización lingüística

A GALIÑA AZUL

Está en marcha a sexta edición do FalaRedes, que lles leva aos concellos da Rede de Dinamización Lingüística novas propostas para gozar do tempo de lecer en galego para todos os públicos.


O programa de dinamización lingüística promovido desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, presenta unha nova proposta destinada ao lecer de calidade no noso idioma que percorrerá, entre os meses de marzo e abril, os concellos da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia.

A galiña azul

Sen deixar de servir aos obxectivos de promoción do galego que guían dende sempre este programa de dinamización lingüística, constitúe tamén unha homenaxe ao autor a quen a Real Academia Galega lle dedica este ano o Día das Letras Galegas: Carlos Casares. Trátase de *A galiña azul*, unha adaptación teatral do libro de relatos homónimo escrito por Casares destinada a público de 6 a 10 anos e ás súas familias.

A galiña azul contén cinco historias entrelazadas que transmiten mensaxes tan importantes como a defensa da diversidade lingüística, a importancia das diferenzas ou a liberdade de expresión. Para iso, a compañía responsable da adaptación, Ubú Teatro, emprega diferentes técnicas, como a narración oral, a manipulación de monicreques ou o clown. Cada familia asistente recibirá, ao finalizar a representación, un exemplar do libro de Carlos Casares *A galiña azul* en edición especial para a RDL.

Baixo xestión de Editorial Galaxia, esta actividade do FalaRedes poderase gozar, en exclusiva, esta primavera en 21 concellos galegos. Coma sempre no FalaRedes, a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega (www.lingua.gal/falaredes), nas redes sociais da RDL e na Axenda de Cultura de Galicia.



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

A GALIÑA AZUL

MARZO

- Venres 3: **Valga**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 horas
- Sábado 4: **Vilagarcía de Arousa**, no Salón García, ás 12:30 horas
- Sábado 4: **Ribeira**, no Auditorio Municipal, ás 17:30 horas
- Domingo 5: **Ferrol**, na capela do Centro Cultural Municipal Torrente Ballester, ás 12:00 horas
- Domingo 5: **Melide**, na Casa da Cultura, ás 18:30 horas
- Venres 10: **Foz**, no salón de actos da Casa da Cultura Poeta Manuel María, ás 18:30 horas
- Sábado 11: **Mondoñedo**, na Casa da Xuventude, ás 18:30 horas
- Venres 17: **O Barco de Valdeorras**, no Teatro Lauro Olmo, ás 20:00 horas
- Sábado 18: **Carral**, no Local Xente Nova de Tabeaio, ás 18:00 horas
- Domingo 19: **Oleiros**, no Centro Cultural A Fábrica, ás 12:00 horas
- Venres 24: **Monforte de Lemos**, no salón de actos da Casa da Cultura Poeta Lois Pereiro, ás 18:30 horas
- Sábado 25: **Teo**, no Auditorio Constante Liste da Ramallosa, ás 18:00 horas
- Domingo 26: **Xinzo de Limia**, no salón de actos da Casa da Cultura, ás 12:00 horas
- Domingo 26: **Monterroso**, no Espazo Cultural Lorenzo Varela, ás 18:00 horas
- Venres 31: **Redondela**, no Auditorio da Xunqueira, ás 18:00 horas

ABRIL

- Sábado 1: **Ames**, no auditorio da Casa da Cultura de Bertamiráns, ás 18:00 horas
- Domingo 2: **Ribadavia**, no auditorio da Casa da Cultura, ás 12:00 horas
- Domingo 2: **Ourense**, na Sala Azul do Auditorio Municipal, ás 17:00 horas
- Sábado 8: **Baiona**, no Auditorio V Centenario, ás 18:00 horas
- Martes 11: **Lalín**, no Museo Ramón María Aller, ás 18:30 horas
- Mércores 12: **Cangas**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 horas

